



Guía Docente				
Datos Identificativos				2023/24
Asignatura (*)	Avaliación das alteracións de base evolutiva		Código	652G04017
Titulación	Grao en Logopedia			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Psicoloxía			
Coordinación	Díaz Freire, Fátima María	Correo electrónico	fatima.diaz@udc.es	
Profesorado	Botana Lois, Iria Díaz Freire, Fátima María	Correo electrónico	iria.botana@udc.es fatima.diaz@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A materia pretende introducir os procedementos de avaliación e diagnóstico logopédico nas alteracións do desenvolvemento de base evolutiva, incidindo na caracterización do perfil lingüístico e comunicativo asociado as mesmas e as claves para a anclaxe dos programas de intervención.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A8	Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico.
A9	Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación.
A10	Realizar a avaliación das alteracións da linguaxe nos trastornos específicos do desenvolvemento da linguaxe: trastorno específico da linguaxe, atrasos da linguaxe, trastornos fonéticos e fonolóxicos; os trastornos da comunicación e a linguaxe asociados a déficit auditivos e visuais, o déficit de atención, a deficiencia mental, o trastorno xeneralizado do desenvolvemento, os trastornos do espectro autista, a parálise cerebral infantil e as plurideficiencias; os trastornos específicos da linguaxe escrita; as discalculias; as alteracións no desenvolvemento da linguaxe por privación social e as asociadas a contextos multiculturais e plurilingüismo; os trastornos da fluidez da fala; as afasias e os trastornos asociados; as disartrias; as disfonías; as disglorias; as alteracións da linguaxe no avellentamento e os trastornos dexenerativos; as alteracións da linguaxe e a comunicación en enfermidades mentais; o mutismo e as inhibicións da linguaxe; as alteracións das funcións orais non verbais: deglución atípica, disfagia e alteracións tubáricas.
A11	Redactar un informe de avaliación logopédica.
B1	Acceso, selección e xestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional.
B2	Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo.
B3	Apreciar as distintas manifestacións da diversidade.
B4	Aprender a aprender.
B6	Capacidade de adaptarse aos cambios.
B7	Capacidade de análise e síntese.
B11	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional.
B13	Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da comunicación e da información.
B16	Resolver problemas de forma efectiva.
B17	Saber expresarse en público.
B20	Ter iniciativa e espírito emprendedor.
B21	Tomar decisións con autonomía e responsabilidade.
B23	Traballar de forma colaborativa.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.



Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
	A8	B1	C1
Coñecer os fundamentos do proceso de avaliación e diagnóstico A8	A9	B2	C3
Coñecer e aplicar os modelos, técnicas e instrumentos de avaliación A9	A10	B3	C4
Realizar a avaliación das alteracións nos trastornos da comunicación, do fala e da linguaxe asociados a deficiencia mental, aos trastornos do espectro autista, á parálisis cerebral e ás plurideficiencias A10	A11	B4	
Redactar un informe de avaliación logopédica A11		B6	
Acceso, selección e gestión das fontes de información relevantes para a práctica profesional B1		B7	
Aplicar un pensamento crítico, lóxico e creativo B2		B11	
Apreciar as distintas manifestacións da diversidade B3		B13	
Aprender a aprender B4		B16	
Capacidade de adaptarse aos cambios B6		B17	
Capacidade de análise e síntese B7		B20	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional B11		B21	
Coñecer e manexar as novas tecnoloxías da información e da comunicación B13		B23	
Resolver problemas de forma efectiva B16			
Saber expresarse en público B17			
Ter iniciativa e espírito emprendedor B20			
Tomar decisións con autonomía e responsabilidade B21			
Traballar de forma colaborativa B23			
Expresarse correctamente tanto de forma oral como escrita nas linguas oficiais da comunidade autónoma C1			
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC) necesarias para o exercicio do seu profesion e para a aprendizaxe ao longo da súa vida C3			
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común C4			



Contidos	
Temas	Subtemas
1. Metodoloxía de avaliación e diagnóstico logopédico	1.1. Concepto de avaliación 1.2. Modelos de avaliación 1.3. Procedemento de avaliación 1.4. Concepto de diagnóstico
2. Obxetivos da avaliación logopédica	2.2. Avaliación da linguaxe 2.2.1. Fonética-fonoloxía 2.2.2. Morfosintaxe 2.2.3. Léxico-semántica 2.2.4. Pragmática 2.3. Avaliación das variables extralingüísticas 2.4. Avaliación do contexto 2.5. Avaliación dos recursos
3. Técnicas e instrumentos de avaliación	3.1. Anamnese 3.2. Proba estandarizadas 3.3. Proba non estandarizada 3.4. Rexistros de observación 3.5. Contexto de avaliación
4. Elaboración de informes	4.1. Tipo informes 4.2. Proceso de elaboración: interpretación e conclusións
5. Avaliación nos trastornos de base evolutiva	5.1. Alteracións fonético-fonolóxicas 5.2. Alteracións a linguaxe na Discapacidade intelectual. 5.3. Alteracións do lenguaje en Autismo 5.4. Alteracións en los Trastornos Generalizados del Desarrollo (TGD) 5.5. Alteracións do lenguaje en Parálisis Cerebral 5.6. Retrasos da Linguaxe 5.7. Alteracións en Plurideficiencias

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A8 A9 A10 A11 B7 C1	6	0	6
Sesión maxistral	A8 A9 A10 B2 B3 B7 B11 C4	21	0	21
Presentación oral	B7 B13 B17 C1 C3	18	0	18
Proba de resposta múltiple	A8 A9 A10 B2 B7 B16 C4	2	38	40
Portafolios do alumno	B1 B7 B23 C1 C3	0	12	12
Estudo de casos	A8 A9 A10 A11 B2 B4 B6 B7 B20 B21	27	24	51
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición



Actividades iniciais	Actividades que se levan a cabo antes de iniciar calquera proceso de ensino - aprendízase a fin de coñecer as competencias, os intereses e as motivacións que posúen os estudantes para o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar, vinculados a un programa formativo.
Sesión maxistral	A docente fara a exposición dos temas favorecendo a interacción co alumnado. Os estudantes faran a exposición da información complementaria que deberán buscar, ampliando o seu coñecemento.
Presentación oral	1- O resumo, a síntesis dos temas explicados na sesión magistral. 2-Expoñerán a información complementaria.
Proba de resposta múltiple	Realizan un exame tipo test no que as preguntas terán entre 3 - 4 opcións de resposta sendo soamente una a válida. No mesmo os erros penalizarán.
Portafolios do alumno	Elaborárase un dossier de test de avaliación da linguaxe que inclua a elaboración de ficha técnica das probas máis utilizadas polos profesionais da Logopedia
Estudo de casos	O estudante sitúase ante un caso de avaliación e deberán ser capaces de realizar un procedemento de avaliación completo no que se inclúa a decisión de que probas utilizar a corrección e interpretación das mesmas, a elaboración dun informe de avaliación e a exposición e defensa das mesmas.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Actividades iniciais Estudo de casos Presentación oral Proba de resposta múltiple Portafolios do alumno	Os alumnos dispondran de atención personalizada para as actividades indicadas. Levásese a cabo no aula ou no despacho da docente. Igualmente podran recibila a través doutras vías (teléfono, email, Moodle).

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Estudo de casos	A8 A9 A10 A11 B2 B4 B6 B7 B20 B21	O estudante sitúase ante un caso de avaliación e deberán ser capaces de realizar un procedemento de avaliación completo no que se inclúa a decisión de que probas utilizar a corrección e interpretación das mesmas, a elaboración dun informe de avaliación e a exposición e defensa das mesmas.	30
Presentación oral	B7 B13 B17 C1 C3	Valorárase o coñecemento do tema, concepto ou feito que se expón así como a corrección da linguaxe empregada	20
Proba de resposta múltiple	A8 A9 A10 B2 B7 B16 C4	Realizárase un exame tipo test con preguntas de 3 ou 4 opcións de resposta sendo unha soa a válida. Restan erros.	40
Portafolios do alumno	B1 B7 B23 C1 C3	Valorárase a elaboración de ficha técnica dos test de avaliación da linguaxe máis utilizados en Logopedia.	10

Observacións avaliación



Teranse en conta dúas opcións de avaliación en función da asistencia ou non ás clases interactivas:

Opción A. Alumnado que asiste ás clases expositivas e interactivas (> 80% de asistencia)

Será necesario ter acreditada unha asistencia de polo menos o 80%.

A cualificación do alumnado asistente engloba os seguintes apartados: Estudos de casos (30%),

portafolio (10%),

presentación oral(20%) e proba de resposta múltiple (40%). para superar a asignatura a nota ha de ser

5, valorándose todos os apartados.

Opción B: Alumnado que NON asiste ou ten unha asistencia ás clases interactivas (< 80% de asistencia)

- A nota final será a nota media do exame e do caso práctico nunha proporción de 60%(exame) 40% caso práctico.

Opción C: O alumnado que, tendo recoñecida a DISPENSA ACADÉMICA (solicitud previa na

Administración do centro)- tal como se establece na "Norma que regula o réxime de dedicación ao

estudo e a permanencia e a progresión dos estudantes de grao e mestrado universitario

na Universidade daCoruña" (aprobada en Consello de Goberno de 28 de xuño de 2016)-, terá que

asistir a unha titoría na que concretar a porcentaxe de asistencia mínima e as metodoloxías de

avaliación.

ESPECIFICACIÓNS:

Segundo establecen as "Normas de avaliación, revisión e reclamación das cualificacións dos estudos de grao e mestrado universitario" (aprobada o 19/12/2013 e modificada o 30/04/2014) no Art.

21.2: Considerarase como ?Non presentado? (NP) a aquel estudante que, estando

matriculado na materia, non concorra ás distintas actividades de avaliación que se establecen

para o curso académico. Así, será cualificado como ?Non presentado? cando:

a) Non complete o proceso de avaliación continua, nas condicións que figure na guía docentes, ou

b) Non se presente á proba do período oficial de avaliación.

A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará

directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será

cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico,

tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto,

procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Puyuelo Sanclemente, M.;Rondal, J.A.;H.Wiig, E. (2002). Evaluación del lenguaje. Barcelona. Masson - Sos Abad, A.;Sos Lansac, M.L. (1997). Logopedia práctica. Madrid.Escuela Española - Peña - Casanova, J. (2002). Manual de Logopedia. Barcelona. Masson. - (). . - Moreno, J.M; García - Baamonde, Ma.E. (2005). Guía para la evaluación del lenguaje. Madrid. CCS Puyuelo Sanclemente, M., Rondal, J. A. H., & Wiig, E. (2002). Evaluación del lenguaje. Masson. Sos Abad, A., & Sos Lansac, M.L. (1997). Logopedia práctica. Escuela Española. Peña-Casanova, J. (2002). Manual de Logopedia. Masson. Moreno, J. M., & García-Baamonde, M. E. (2005). Guía de recursos para la evaluación del lenguaje. CCS. Aguilar-Mediavilla, E. & Igualada, A. (Eds) (2019). Dificultades del lenguaje en los trastornos del desarrollo. Editorial UOC. Barbero García, M.I., Vila Abad, E., y Holgado Tello, F.P. (2015). Psicometría. Sanz y Torres. Fernández-Ballesteros, R. (2013). Evaluación psicológica: conceptos, métodos y estudio de casos. Pirámide. Quintanilla-Cobián, L., García-Gallego, C., Rodríguez-Fernández, R., Fontes de Gracia, S., & Sarriá-Sánchez, E. (2019). Fundamentos de investigación en Psicología. Universidad Nacional de Educación a Distancia.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none"> Colom, R., Karama, S., Jung, R. E., & Haier, R. J. (2010). Human intelligence and brain networks. Dialogues in Clinical Neuroscience, 12(4), 489. Colom, R., & Román, F. J. (2018). Enhancing intelligence: From the group to the individual. Journal of Intelligence, 6(1), 11. Protzko, J., & Colom, R. (2021). A new beginning of intelligence research. Designing the playground. Intelligence, 87, 101559.



Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Se recomenda cursar la asignatura "Alteraciones de Base Evolutiva" Recomendase cursar a asignatura "Alteracions de Base Evolutiva". Se recomienda el envío de los trabajos por vía telemática y de no ser posible, no utilizar plásticos, elegir la impresión a doble cara, emplear papel reciclado y evitar imprimir borradores. Se debe hacer un uso sostenible de los recursos y prevenir impactos negativos sobre el medio natural. Se debe tener en cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con valores de sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales. Se incorporará la perspectiva de género. Se facilitará la plena integración del alumnado que por razones físicas, sensoriales, psíquicas o socioculturales, experimenten dificultades a un acceso adecuado, igualitario e provechoso a la vida universitaria. Recomendase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, non utilizar plásticos, elixir a impresión a dobre cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Debese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Debese ter en conta dos principios éticos relacionados cos valores de sostenibilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Deberase incorporar a perspectiva de xénero (usarase linguaxe non sexista, bibliografía de autores/as de ambos os sexos, propiciarase a intervención en clase de alumnos e alumnas?) Facilitarase a plena integración do alumnado que por razón físicas, sensoriais, psíquicas ou socioculturais, experimenten dificultades a un acceso axeitado, igualitario e proveitoso á vida universitaria

(*) A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías